

EXCELENTÍSIMAS E ILUSTRÍMAS AUTORIDADES

Compañeiras e compañeiros da asociación Álvaro das Casas Amigas e amigos.

Sete anos de existencia aglutina actualmente a asociación Álvaro das Casas e un número idéntico de Premios Baceiros de prata teremos rexistrados a partir de hoxe no haber da asociación. Congregámonos aquí para celebrar a entrega dos galardóns desta sétima edición afrontándoo co mesmo entusiasmo de anos anteriores e con azos renovados. Persistimos así no especial compromiso estatutario de servir de caixa de resonancia ós emprendedores vitivinícolas desta terra, e para seguir estimulando e dando pulo a miles de galegos e galegas que co seu traballo empresarial son modelo e orgullo dentro e fóra de Galicia. Sen pretender invocar á vaidade ou á arrogancia, hoxe podemos repetir con Vicente Risco aquelas palabras de finais dos anos vinte: que “os produtos elaborados en Galicia son incomparablemente mellores que os que chegan de fóra e que nunha grande proporción abastecen os nosos mercados”.

Señoras e señores: Poder dirixir a mirada cara ó noso interior, á nosa propia historia, é unha aventura fabulosa, que adoita resultar pedagóxica e pragmática. Invítoos, polo tanto, a que me acompañen a realizar un breve exercicio de introspección colectiva, coa pretensión de poder atopar no noso imaxinario argumentos contumaces e incontestables a favor dunha ponderada autoestima identitaria.

Durante séculos a realidade social deste país estivo desestruturada e feita trizas a causa do devalo cultural que padeceu. A economía galega estaba balizada no mapa de España co atraso, coa postergación e coa displicencia. En épocas pasadas, non moi lonxanas, a sociedade campesiña galega practicou unha economía de subsistencia, repregada sobre si mesma e dirixida á satisfacción directa das necesidades dun modo case autárquico. A comercialización ou o intercambio dos produtos era marxinal e esporádica, e raras veces afectaba ó groso da produción de cada unidade de explotación; e aínda eran máis minoritarios os casos nos que as vendas dun determinado tipo de produtos dunha explotación tiñan carácter permanente ou periodicidade rigorosa. Noutras palabras: o campesiño galego non producía sistematicamente para un mercado, ou en función dun mercado, senón en función da estrutura da súa explotación polivalente e das súas necesidades. O campesiño cando vendía, non o facía para obter unha ganancia, senón un ingreso. O diñeiro representaba un papel de simple medio de cambio ou de atesouramento, pero carecía das restantes funcións, máis dinámicas e indirectas, propias dunha economía moderna. Podemos dicir, xa que logo, que nas estruturas mentais ou psicolóxicas do mundo rural galego faltaba a mentalidade empresarial, o espírito de empresa, a versión dinámica do empresario como axente innovador. Otero Pedrayo recolle na súa “Historia de Galiza” estas palabras de Vicente Risco extraídas do seu traballo “Etnografía. Cultura espiritual”: O traballo do campesiño galego é un pequeno cultivo familiar de terras e gando, nun réxime que tende a conserva-la economía autárquica, pechada, producindo en primeiro lugar prá mantenza da familia e somentes dun xeito secundario prá vende-lo que sobra”. Escoiten tamén o que escribía Cruz Gallástegui nun traballo titulado “Orientacións que ha de seguir a agricultura gallega para mejorar su actual situación”: La economía de nuestro campo es actualmente cerrada. Consume casi todo lo que produce; produce para su consumo y vende solamente el excedente conseguido a fuerza de trabajo y privaciones (...) al objeto de poder comprar otros artículos: vestido, abonos, semillas —o pagar contribuciones”.

Diversos estudos antropolóxicos, sociolóxicos, mesmo económicos, acerca desa falta emprendedora do campesiño galego chegan á conclusión de que si existe o espírito emprendedor e empresarial dos galegos, porén tamén se observa unha inhibición ou falta de despregue do mesmo.

Outro factor explicativo desa depauperación do campo galego era a dificultade de

introducir a técnica no proceso produtivo. Os economistas crían que a maquinaria agrícola e os trebellos de labranza non se axustaban ás características do campo galego impedindo desa forma a optimación da produción. E todos sabemos que onde non hai tecnoloxía tampouco hai progreso.

Pero esa etapa de atraso xa pasou, e non queda indignación senón só a satisfacción de vingar con dignidade un agravio. Dun tempo para acá cortarnos para sempre o camiño de regreso a esa fase de complexos, da que ás veces aínda se atopa certa pátina de melancolía nalgunha vaga reminiscencia de períodos pretéritos. Nas últimas décadas produciuse o momento supremo do milagre en Galicia. Alboreceron os días nos que, de pronto, houbo un eco insólito facendo máis transitables as sendas ó progreso. Apareceu, por fin, a ilustración. A ilustración significa "non ter medo a pensar por un mesmo", a tomar a decisión de ser donos do seu destino. Non obstante, iso só é viable cando se chega á maioría de idade, e, tratándose dunha sociedade, esa maioría se acada cando xa se teñen superadas as etapas de vasallaxe, dependencia, subordinación ou servilismo. Pois ben, Galicia xa superou esa etapa.

Cómpre lembrar que foron moitos lustros, incluso séculos, os que Galicia viviu á marxe da ilustración. Lustros inacabables de subdesenvolvemento e séculos pertinazmente escuros. A ignorancia, a pobreza, a incultura, as condutas e costumes irracionais convertíanse en cómplices desa falta de coñecementos e formación. Pero, a pesar dunha sociedade inculta e desinformada non faltaron en Galicia eruditos, doctos e ilustrados, que contribuíron a seleccionar o embrión que anos máis tarde xermolaría varudo e vigoroso tal como podemos certificar todos nós, porque somos os seus usufrutuarios. Aludo ó padre Feixoo, ó padre Sarmiento, ó padre Sobreira, a Xosé Cornide, precursores do *rexurdimento* cultural galego; tamén me refiro a Samuel Eiján, a don Eladio Rodríguez, a Álvaro das Casas, a Vicente Risco, a Otero Pedrayo... moitos deles nados nesta mesma comarca, como é o caso do padre Sobreira, de Samuel Eiján, de don Eladio Rodríguez e de Álvaro das Casas. Estes ilustrados ubicaron a unha Galicia atrasada e retraída no bulevar de acceso á prosperidade e ó éxito, exhortándoa a emprender a súa propia ruta á modernidade. Feixoo, Sobreira e Sarmiento representan as voces ilustradas e patrióticas que denunciaron no século XVIII o ostracismo ó que estaba sometida a lingua galega e a situación da cultura naqueles momentos. Eles ofreceron propostas innovadoras da vida económica, social e cultural, devolvendo a autoestima a unhas persoas que se sentían apátridas na propia terra. Grazas ás súas ideas creáronse organismos como as Sociedades Económicas de Amigos do País e a Academia de Agricultura do Reino de Galicia. Máis tarde, no século XX, e continuando por toda Galicia esa vaga de ilustración, celebrouse en Lugo o Primeiro Congreso de economía o ano 1925. Del saíu a proposta de crear en Galicia un centro de investigación para a mellora do sector vinícola galego, que se concretaría setenta anos despois, no 1995, coa creación da Estación Enolóxica do Ribeiro. A este congreso asiste o xa aludido Cruz Gallástegui Unamuno, director da Misión Biolóxica de Galicia, que foi o estudoso dos millos híbridos –fecundados artificialmente- e que supuxo unha auténtica revolución na agricultura galega. Gallástegui está considerado o pai da modernización da agricultura en Galicia e por esa razón a Real Academia Galega de Ciencias adicou este ano o “Dia do científico”, celebrado o pasado 22 de abril, a Cruz Gallástegui pola súa aportación á modernización da agricultura galega.

Amigas e amigos: O espírito da ilustración continúa persistente e ininterrompidamente polas terras de Galicia, o que supón unha grata noticia, un excelente acontecemento. E chega do mesmo modo e de forma simultánea ás terras do Ribeiro, das Rías Baixas, de Monterrey, da Ribeira Sacra ou de Valdeorras. Mais non se detén só aí, porque tamén infiltra as veigas e os fornos do pan de Cea, as pradarias e as granxas do leite de Lugo, as fábricas e as técnicas de elaboración do

queixo da Arzúa, as hortas do Rosal nas que madura o mirabel desde 1935, os plantíos de pementos da Arnoia ou mesmo os viveiros onde se cultivan tecnicamente as flores e as árbores frutais. Pero sobre todo, a ilustración conquistou os viñedos, as uvas e o viño. A proba témola aquí. Dous dos expoñentes desa ilustración vitivinícola acabamos de premialos cos baceiros de prata deste ano 2010. O xurado recoñeceu os seus méritos polo bo facer ó longo de anos, incluso de xeracións familiares. En tempos nos que as cousas non andan ben para a economía deste país, é un refacho de esperanza poder comprobar como aínda quedan emprendedores capaces de poñer en valor, económico, moral e cultural, os recursos que nos ofrecen as nosas terras. Estas dúas adegas non só elaboran bos produtos, senón que tamén etiquetan en galego os seus viños, un elemento multiplicador da súa categoría no mercado e un símbolo cultural identitario. Por todos estes fundamentos son merecentes de pública gabanza. E delegamos neles os parabéns que queremos transmitir a todos os viticultores deste país que están realizando de forma admirable moitos soños detidos no camiño estriado do pasado. E unido a eses parabéns mandámoslles un recado: que sigan elaborando produtos de tan boa calidade ata acadar a valoración de excelencia. E outro recadiño máis ós produtores do viño do Ribeiro: que implementen o valor dos seus viños no mercado retomando a produción do viño tostado e da anxélica. E non nos esquecemos de todos os agricultores de Galicia, ós que nalgún momento esta asociación terá que recoñecer o seu traballo creando algún premio para eles. Homenaxe tamén se merecen os ilustrados que citei anteriormente, como Sarmiento, Feixoo ou Sobreira por teren contribuído tanto a poñer a Galicia no sitio que se merece. Precisamente ó padre Sobreira dedicará moi pronto a asociación Álvaro das Casas un curso de investigación sobre a súa figura.

Señoras e señores: Remato a miña intervención agradecendo a súa presenza neste acto e felicitando á adega Durán e á adega Emilio Docampo polo premio que van recibir.

Grazas.

Avelino Muleiro
Presidente da Asociación Álvaro das Casas.
Esposende (Ribadavia)
15 de maio de 2010.